

Capela de San Roque

030221

Datos de Localización

Capela

Nomenclator: 3206205
Coord. UTM: X: 59746478
 Y: 465510633
Concello: Porqueira
Parroquia: SABUCEDO
Lugar: Toxal, O
Tipoloxía: Arquitectura Religiosa
Tipo: Capelas
Subtipo: Capela



Denominación: Capela de San Roque

Etapa Histórica: Indeterminada

Estilo relevante: Popular

Outros Estilos:

Descrición:

O día 19 de febreiro de 1857, Don Juan Gomez Coello cura párroco de San Mamede de Sobreganade e arcepiestre do Val do Salas bendecía a capela do campo do Toxal, quedando os feligreses do lugar obrigados a conserva-la, reparala e tela provista de todo o preciso para celebrar nela o Santo Sacrificio da misa (Libro 34.13.9., fol192Vº).

É un edificio de gran sobriedade, presenta pranta rectangular e as paredes están levantadas a base de cachotería. Na fachada unha porta con arco rebaixado e ós lados da mesma dous estreitos vanos horizontais. Sinxela espadana dun corpo con arco que se asenta sobre basamento. Coroa todo o conxunto unha cruz latina pétreo cos brazos de sección romboidal tornando nos extremos en forma cadrada.

Nun dos muros menores, en concreto no do altar, apréciase un corte na construción que indica que o edificio con anterioridade debeu ter menor altura. É un dato curioso, porque antes de que se bendecise o templo a mediados do século XIX na documentación non aparece recollida para nada mencion algunha a esta capela.

DOCUMENTACIÓN:

-A.H.D.OU.
 Libro 34.13.9.

Características Construtivas

Plantas: Baixa

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección:

Protección

Tipo de ben: Sen rexistrar
Proposta de tipo de ben: Inventariado
Estado de Tramitación:
Nivel de Protección Arq.: Sen protección
Proposta Nivel de Protección Arq. Integral
Grao de Protección Arq.: ----
Proposta Grao de Protección Arq. ----
Xustificación da Protección:
Titularidade
Polígono:
Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo
Uso Actual: Relixioso
Alteracións Morfolóxicas
Tipo:
Data:
Descrición:
Proxecto:
Axentes:
Observacións:

Bens Mobles







